

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

A Editorial presenta cinco títulos

Novidades para os máis pequenos e novela con premio en Galaxia

O vixilante dos soños, de Ana Carreira; *Camiño solitario*, de Ánxela Gracián; *Ke-Tumba Ke-Tamba*, de Xerardo Quintiá; e *O Castrón de ouro*, de Darío Xohán Cabana, son os catro novos títulos da colección Árbore, da Editorial Galaxia, pensada para o público de menor idade. Por outra banda, a editorial presenta tamén *Se algún día esta muller morta*, de Miguel Sande, I Premio de Narrativa Breve Repsol YPF 2006.

Redacción - 17:48 28/02/2007

Lugo e Coruña acollen distintas presentacións das novidades da Editorial [Galaxia](#): os catro títulos da colección Árbore serán presentados polos seus autores, os ilustradores Noemí López e Federico Fernández, e o director da colección, Xosé A. Neira Cruz, este xoves ás 20.00 na librería luguesa Trama. O propio Neira Cruz era [noticia](#) hai uns días, ao ser escollida a súa novela *O armiño dorme* entre os dez mellores títulos do mundo de literatura xuvenil. Nestes catro libros, todos cheos de cor, atoparemos as historias dun rapaz que non dorme pensando como é a Lúa (*O vixilante dos soños*), un *Camiño solitario* que agarda, a través das estacións, por quen fixo o camiño con alumiños, e obras premiadas, como *Ke Tumba Ke Tamba*, merecedora do Raíña Lupa, ou a reedición d'*O castrón de ouro*, de Darío Xohán Cabana, gañadora do premio Barco de Vapor no 83.

Pola súa banda, *Se algún día esta muller morta*, de Miguel Sande, é o intenso monólogo dunha muller que sae un día do cinema consciente de que acaba de ver a súa vida reflectida na pantalla. Maltratada e sometida, négase a aceptar a morte dos sentimentos, a realidade dunha vida en ruínas. O xornalista Miguel Sande naceu na Pastoriza (Arteixo) no 61, e ten publicado varias obras de teatro e novelas. Esta última, merecedora do Premio de Narrativa Breve Repsol YPF, será presentada tamén o xoves ás 20.00, no quiosco Alfonso da Coruña.